

# INTERVENCIÓN DA CIG-ENSINO NO CONSELLO GALEGO DE FP

8 de xuño 2026

## Oferta formativa para o curso 26/27

### Consideracións xerais

- A propaganda antes que a interlocución co profesorado e co sector. Rueda presenta a oferta o luns no Consello da Xunta e o conselleiro paséase polo CIFP Compostela e pola Feira de Silleda para volver presentala o xoves e o sábado. Despois destes tres impactos mediáticos tráena aquí hoxe porque segundo a Consellaría quen merece enterarse de último é o persoal docente, por non falar do escaso tempo para poder contrastala e da falta de transparencia. Desde a CIG-Ensinio pedimos que se enviara un documento comparativo e remitiron a oferta en bruto para dificultar o traballo de fiscalización.
- É preciso informar sobre a oferta concertada e privada, dado que esta última é autorizada pola Consellaría e hai moitas queixas do profesorado da rede pública por esta concesión e pola súa ocultación. Un caso paradigmático é o da cidade de Vigo, na que os centros privados superan os públicos e o número de ciclos está igualado ou o da familia de Sanidade do IES Lamas de Abade que quere crecer e non pode mentres compiten para colocar o alumnado no CHUS e no SERGAS co procedente dos dous centros privados da zona. É preciso que a inspección educativa controle a calidade formativa destes centros porque hai moitas queixas ao respecto por parte despois das entidades que reciben este alumnado. En calquera caso, seguimos agardando pola promesa electoral estrela dun centro específico de FP sanitaria en Conxo. Para a seguinte lexislatura quizais...

**Sobre a oferta concertada a directora xeral di que non hai variación ao respecto do curso pasado e que se publicará no DOG xunto co resto de concertos. Sobre a oferta privada di que non teñen acceso a toda a que existe en Galiza porque non está actualizada no Rexistro oficial de centros privados.**

- Formación acelerada: sorprende o espazo dedicado no preámbulo a esta modalidade. A mostra de que está feita só a medida das empresas é que se fala de que favorece a adquisición de itinerarios formativos que despois permiten acadar unha titulación de formación profesional pero na práctica isto non acontece. Formulamos varias preguntas: cantas das formacións aceleradas este curso son continuidade das do ano pasado? Ou máis ben cantas dan resposta á necesidade dun determinado perfil de persoal para as empresas? Por que non forman estas directamente eses perfís? Cantas persoas cursaron estas formacións o ano pasado e cantas se insertaron laboralmente onde fixeron a formación práctica? Por que non resultan atractivas estas formacións para o suposto alumnado obxectivo? Que tipo de certificación académica (que aparece

na disposición adicional primeira do borrador Orde) e que validez teñen á hora de incluíla no currículum vitae, de presentarse a un posto de traballo... este tipo formacións? **A directora xeral explica que este ano se está ofertando a segunda edición de formacións aceleradas que tiveron o curso pasado a súa primeira edición e que intentarán ofertar sempre esa continuidade e indica que se poderá certificar un grao C de FP como mínimo. Mantén a súa aposta por este tipo de formacións.**

- Da redacción das disposicións adicionais primeira, segunda e terceira despréndese que se poden cursar tantas formacións aceleradas e formacións básicas para as persoas adultas como se queiran, o cal ten sentido, pero non queda tan claro que poida acontecer o mesmo no caso da formación adaptada, para a que é requisito *c) Non ter cursado con aproveitamento un programa formativo de grao básico ou un certificado profesional e contar cun informe do departamento de orientación do centro de orixe.* Hai que facilitar o máximo posíbel que as persoas que poden cursar este tipo de formacións non teñan limitacións de acceso e que poidan realizar varias. A igualdade de oportunidades e a inclusión consiste nisto, en facilitar a formación ao longo da vida de colectivos especialmente vulnerábeis independentemente da idade, das condicións e dos niveis formativos acadados previamente. Desde a CIG-Ensino consideramos que hai que fomentar máis esta oferta. **Este ano só se incrementa o número de prazas do Programa formativo básico de Comercio na EPAPU do Berbés sen incrementar a oferta noutros centros.**
- Artigo 5.1. Hai unha gralla. Cociña e Restauración

Confederación Intersindical Galega

ENSINO

## A oferta

Nunha comparativa estrita da oferta deste ano co mesmo documento que presentaron o ano pasado pódese deducir o seguinte:

**1.- Hai 75 ciclos (entre ciclos, formacións aceleradas e cursos de especialización) menos con respecto ao curso pasado fronte a 104 que aumentan, polo tanto, o aumento neto é de 29 ciclos máis.** De onde saen as 1.080 prazas máis que anunciou a Consellaría? Non dan as contas porque aínda que aumentan moito os ciclos a distancia e as formacións aceleradas con esta cifra sae unha media de 37 prazas por ciclo.

### 2.- Desaparecen 19 ciclos:

- **5 formacións aceleradas** (Control de calidade na industria alimentaria, Cubertas e impermeabilizacións, Organizacións e proxectos de instalacións solares térmicas, Planificación e supervisión da área de carrozaría de vehículos automóbiles e Xestión lóxística e comercial na industria alimentaria)
- **1 programa formativo básico de Almacén**
- **2 Ciclos Medios** (Planta Química e Proceso e Transformación de Madeira)
- **9 Ciclos Superiores, a maioría de dobres titulacións** (Deseño e amoblamento e oferta parcial de Proxectos de edificación, Deseño e produción de calzado e complementos, Dirección de cociña e oferta parcial de Dirección de servizos de

restauración, Dirección de servizos de restauración e oferta parcial de Xestión de aloxamentos turísticos e Dirección de cociña e oferta parcial de Procesos e calidade na industria alimentaria, Dobre titulación en Axencias de viaxes e xestión de eventos e Guía, información e asistencia turísticas e oferta parcial de Animación sociocultural e turística, Dobre titulación en Dirección de cociña e en Dirección de servizos de restauración, Mantemento electrónico e oferta parcial de Sistemas electrotécnicos e automatizados e de Sistemas de telecomunicacións e informáticos e Patronaxe e moda e oferta parcial de Vestiario á medida e de espectáculos)

- **2 Cursos de Especialización** (Instalación e mantemento de sistemas conectados a internet (IoT) e oferta parcial do ciclo de grao medio de Mantemento electrónico e Dobre titulación en Automoción e Mantemento e seguridade en sistemas de vehículos híbridos e eléctricos).

**3.- Redúcese a oferta noutros 56 ciclos** destacando **dous menos de Audioloxía Protésica, Automoción, Instalacións Frigoríficas e de Climatización, Mecatrónica Industrial, Producción de Audiovisuais e Espectáculos e Sistemas microinformáticos e redes** e até **tres menos do CE de Desenvolvemento de aplicacións en linguaxe Phyton** que por certo pedírono no IES MAXIMINO ROMERO DE LEMA para que non toda esta oferta se concentre nas grandes cidades e non lles foi concedido, e dos **CM de Mantemento Electromecánico e Servizos de restauración**).

A directora xeral indica que a oferta formativa é viva e que non teñen contabilizado cantas formacións máis aumentan e cantas caen con respecto ao curso pasado, polo que non nos poden facilitar ese dato. En canto ao CE sobre linguaxe Phyton explica que non tivo demanda nin por parte do alumnado nin das empresas polo que se decidiu substituílo por outra oferta, a petición dos propios centros.

**4.- O 89% de incremento das formacións aceleradas, que o ano pasado tiveron dubidosa aceptación e algunhas xa non se volven ofertar, incide nunha peor calidade formativa.** Os centros públicos de FP non poden converterse nunha academia onde se faga un cursillo para optar a traballar nunha empresa. Iso recorda ao pasado. A FP ten que ser de calidade. Despois da reforma, as 2000 horas dos ciclos quedaron curtas e a aposta da Xunta é despedazalos aínda máis. Hai centros nos que mantiveron formacións aceleradas o curso pasado con 5 alumnaos e alumnas e 4 docentes mentres se deixou de ofertar un ciclo. As formacións aceleradas supoñen ofertas inestábeis nos centros, que impiden traballar de forma intermodular e interciclo, e afondar en contidos e en adquisición de competencias. Contabilizar o incremento desta oferta tan volátil, que muda dun ano para outro, e tan apenas dura uns meses nas cifras globais da Consellaría é un engano en toda regra.

A directora xeral indica que esta oferta responde a necesidades concretas de perfís profesionais para unha determinada empresa ou sector e que o alumnado que non se plantexaría estudar un ciclo pola súa duración ten esta vía pola que van seguir apostando.

**5.- Hai unha redución da oferta modular presencial en xeral que ou ben se transforma en formación acelerada ou en formación ordinaria.** No primeiro caso parécenos unha estratexia totalmente equivocada. Ningún dos ciclos modulares que desaparecen tiñan problemas de matrícula. É máis, moito alumnado acababa matriculándose neles porque non entraba en ordinario.

**6.- O 20% das 50.224 novas prazas que se ofertan para o ano que vén son a distancia, é dicir, unha de cada cinco.** De novo insistimos en que esta modalidade non pode ter tanto peso porque é inviábel estudar moitos ciclos a distancia, dado o seu eminente compoñente práctico e competencial, ademais da perda de calidade que supón fronte ao ensino presencial. Iso si, o incremento desta modalidade serve para engordar as cifras da oferta a nivel global dado que cada módulo dispón de 50 prazas de matrícula.

**6.- Segue a aposta desaforada pola FP dual intensiva cun 3,72% máis (6.582 prazas).**

Canta oferta neste réxime está concertada ou é privada? Segundo as estatísticas do Ministerio, no curso 23/24 había 90 alumnos/as matriculados en centros privados neste réxime en Galiza fronte a 3.307 nos públicos. Isto é así porque o sector privado non quere compartir o negocio. Non poderían cobrarlle ao alumnado matrícula e mensualidades que acadan cantidades obscenas para que este vaia durante medio curso a unha empresa. Cando a FP dual intensiva teña presenza na oferta privada e concertada poderemos falar de igualdade de condicións.

Por certo, ofertan máis de 6.500 prazas para este réxime e hai dous cursos había algo máis de 3.300 matrículas só, o quere dicir que a metade das prazas non se cobren e, polo tanto, que non é atractivo para o alumnado por moito que desde a Consellaría teimen na súa promoción.

**A directora xeral de FP insiste en que a dual intensiva representa apenas o 10% da oferta total e que está pensada para adaptarse a casos concretos, a requirimentos específicos das empresas, e pon como exemplo un ciclo de Comercio que inclúe módulos do ámbito dos seguros incluídos no catálogo de estándares de competencias profesionais para dar resposta á ausencia deste tipo de formacións.**

A CIG-Ensino solicita que se teña coidado ao liberar as prazas dos ciclos de dual intensiva sen ter as empresas buscadas, como aconteceu o ano pasado, para evitar a presión de empezar o curso á vez que se fai ese labor, se fan as entrevistas... Mentres acontecía isto, outros ciclos consolidados no tempo e con empresas colaboradoras deixaron de ofertarse porque non se agardou os distintos prazos de adxudicación, incluso ao extraordinario de setembro.

## **A FP Dual Intensiva**

A CIG-Ensino volve esixir unha regulación da dual intensiva. Segue a ser unha temeridade ter miles de estudantes supostamente en formación que están na práctica traballando ou realizando labores para as que non están cualificados/as. Este réxime na FP básica e nos ciclos medios non ten ningún sentido: tanto pola idade como pola inmadurez do alumnado (pedimos que se elimine o punto 2 da disposición adicional sétima), como polas dificultades de desprazamento ata as empresas, como pola escasa

formación académica coa que acceden, apenas uns meses, e sobre todo polas dificultades que implica estar nunha contorna laboral, que é un contexto moi serio. A Consellaría sabe perfectamente o que pasa nas empresas e se non o sabe que lle pregunte aos titores e titoras de dual e ás persoas dinamizadoras, e ao propio alumnado.

**A directora xeral fai referencia a que xa se lle pasa unha enquisa a todo alumnado sobre a súa estadía na empresa.**

O terríbel accidente dun alumno da dual intensiva en Vilalba, unha das traxedias máis dolorosas nos últimos anos no sistema educativo galego, ten que servir como punto de inflexión para reflexionar sobre as consecuencias desta política baseada nos intereses empresariais. A CIG xa presentou denuncia ante a Inspección de Traballo e personarase como acusación particular na causa xudicial aberta. Vivimos nun país no que cada semana hai un ou varios accidentes mortais e o cotiá xa non é noticia pero podemos asegurar que a sacudida emocional que causou este accidente entre o profesorado de FP e a sensación de indefensión e de impotencia, sobre todo entre quen asume a titoría de dual, foi tremenda. E recortando, como acaban de recortar a dedicación horaria lectiva á coordinación da FCT, ás titorías de ciclo e ás titorías de FCT e dual o problema increméntase en lugar de solucionarse. É hora de preocuparse por algo máis que polas cifras propagandísticas e máis polas implicacións tan graves que poden ter en vidas humanas certas decisións políticas.

Sobre a FP dual intensiva, aproveitando que neste órgano está representada a patronal, cómpre lembrar que as empresas teñen que aplicar a Lei de prevención de riscos laborais tamén no referente ao alumnado en prácticas, antes de nada proporcionándolle a formación específica en PRL adaptada ao seu posto de traballo. Alumnado do mesmo ciclo vai a empresas totalmente diferentes, algunha delas especializadas só nun ou dous RA dun único módulo, e é imposible no escaso tempo do que dispón o profesorado no centro impartir esa formación adaptada. É máis, en moitos centros pretenden impartir os módulos de IPE I e II de forma conxunta para varios ciclos á vez, sexan ou non da mesma familia profesional. Isto non debe permitirse.

Hai que adaptar a documentación (convenio, plan formativo...) á realidade e normativa, en concreto ao que se inclúe no RD 659/2023. Hai que acabar coa distorsión existente entre o que se pon que se vai adquirir na empresa e o que se adquire. O profesorado está canso de dar a cara por imperativo da administración. A persoa titora da empresa ten que actuar como tal. Hai moitos casos en que nunca tivo contacto co alumnado ou só o veu o día da presentación. Correspóndelle a esta persoa especificar que RA se están adquirindo e non ao profesorado que non está día a día na realidade da empresa. A filosofía da LOFP é que a formación sexa compartida. Pois cada quen no seu centro, no de estudos e no de traballo, terá que asumir a súa responsabilidade.

A ausencia de normativa permite que a administración faga e desfaga ao seu antollo recortando dereitos, como o das vacacións do alumnado nos convenios que rematen

en xullo o vindeiro curso. Ou que se manteñan situacións de discriminación entre alumnado da FP dual intensiva, a quen lle computa como nota do ciclo para acceder á Universidade un 5, fronte á nota media acadada no ciclo para o alumnado de dual xeral. Esta discriminación priva a moito estudiantado de acceder en igualdade de condicións á Universidade porque, por exemplo, un ou unha estudante dos ciclos de Gandaría e Sanidade Animal de dual intensiva non vai poder entrar en Veterinaria. Esta información tena que saber o alumnado con anticipación e non orientalo sempre cara a matrícula no réxime intensivo, dicíndolle ambos réximes son iguais cando pode implicar perder un ano da súa vida. A famosa pasarela entre a FP e a Universidade incluída no Decreto galego de FP, polo que é importante que se lexisle sobre o paso entre modalidades, ofertas e réximes da FP e solventar estes atrancos.

Os convenios de FP dual teñen que estar todos publicados na páxina web da Consellaría. Aproveitando que están aquí representantes de Agacal, non aparecen os convenios do ciclo de Gandaría e Sanidade Animal co Hospital Rof Codina. Estes convenios teñen unha temporalización totalmente anómala, con 6 alumnos e alumnas no período de febreiro a abril e outros 6 de maio a xullo na empresa, o que provocou que non coincidiran no centro educativo á vez. O alumnado cando se matriculou non recibiu a información de que algún tería que continuar até xullo no centro, como se lle pretende obrigar agora, coas dificultades que todo isto implica a nivel de aloxamento. O calendario escolar da Consellaría de Educación tamén marca unha data de finalización de actividades lectivas na FP e hai que aterse a esta normativa.

Sobre as prazas no CADP para os CFEAS solicitamos que se axusten ás necesidades dos centros. O ano pasado non se deron en xullo, prexudicando a persoas que levaban anos nestes centros e que tiñan experiencia previa e adxudicáronse despois en setembro a persoal substituto. O director xeral de Centros e RRHH dixo o outro día na Mesa Sectorial que non se vai renovar ningún convenio con Medio Rural, polo que a FP do ano 2026 nestes centros seguirá regulándose por un acordo do ano 1995.

**Intervén neste apartado o representante da AGACAL para indicar que a temporalización da formación na empresa deste ciclo se subsanará de cara ao vindeiro curso e que foi un erro froito de informacións contraditorias a respecto de se era viábel realizala así ou non. Indica que non lle corresponde á Axencia publicar os convenios, senón á Consellaría de Educación, e que o pasado curso non se pediu todo o profesorado que se necesitaba porque parte do gasto en nóminas do persoal de Educación tiña que ser sufragado por AGACAL, polo que houbo que facer axustes ao respecto.**

## **Outras cuestións sobre a oferta**

### **Nova familia profesional: Intelixencia Artificial e Data**

O vindeiro curso ofértase por primeira vez formación desta nova familia profesional (CE Aprendizaxe automática: instalación, despregamento e explotación de sistemas no IES

Fernando Wirtz da Coruña e CE Aprendizaxe automática: instalación, despregamento e explotación de sistemas no IES Urbano Lugo da Coruña e no IES San Clemente de Compostela) na que poderán impartir as dúas especialidades da familia profesional de Informática e Comunicacions. Hai que prever como se vai facer a escolla de módulos tanto por parte do profesorado definitivo como do persoal temporal destas dúas especialidades, se vai haber algún tipo de excepcionalidade ao tirar da listaxe de substitucións para impartir nesta nova familia profesional...

**Falarán coa DX de RRHH pero non prevén que haxa que crear a nova familia profesional porque xa existen dúas especialidades con atribución docente na mesma.**

Desde o anuncio do plan FPGal360 en xaneiro de 2025, dotado con 24 millóns de euros, non se coñece un balance detallado de a que se destinaron estes fondos. Un plan que tiña como unha das prioridades incrementar a oferta da FP básica que, a xulgar polas cifras, non se produciu de forma proporcional ao investimento anunciado ou poñer en marcha itinerarios que permiten pasar da FP básica a ciclos medios sen o proceso de admisión. O ano que vén haberá o primeiro itinerario piloto deste tipo no CIFP Compostela de Cociña e Restauración, o que nos parece unha aposta escasa. Volvemos pedir que se respecten os procesos de adscrición de persoal aos centros pola vías legais establecidas para as aulas nómadas que anunciou a directora xeral para o IES República Oriental do Uruguai de Vigo, o IES Pazo da Mercede das Neves e o IES de Carral.

Oferta formativa para a instalación da fábrica de SAIC en Ferrolterra. Durante anos vimos como había alumnado galego preparándose para o desembarco de Altri en Galiza, incluso con formación na súa matriz en Portugal a través de diversos proxectos de FP dual intensiva. Se a implantación desta fábrica non vai quedar nunha promesa fume máis como os famosos buques de Pémex o normal era ver algún tipo de planificación para a oferta formativa do vindeiro curso relacionada con esta futura instalación.

**A directora xeral comenta que houbo contactos pero que non se coñece aínda que tipo de formación vai precisar esta compañía.**